



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

“Se queres que veña verte  
de noite polo luar  
matai ese can rabeno  
que non fai mais que ladrar-e.”

“U can rabeno nono mato,  
non me queda outro can;  
se non me vés ver de noite  
venme ver pola mañan-he.”

Esta noite hei d’ir aló,  
térasm’as pernas lavadas,  
ou hei de dormir entre ielas  
ou morrer a puñeladas.

Esta noite hei d’ir aló,  
meniña, non teñas medo;  
cúa punta da espada  
quitareich’o tarabelo.

Par’a sumana que vén  
hei d’ara-la miña roza:  
regh’abaixo regh’arriba,  
ca miña vaquiña roxa.

Custureira non a quero  
que n-a quixo meu irmao,  
que tén as pernas tulleitas  
d’estar a carón do chau-e.

Custureiriña bonita,  
dime donde té-la cama:  
“No puleiro das ghaliñas  
nunha presiña de palla.”

Custureiriña bonita,  
dam’unh agulla de prata  
para quitar unha espiña  
do curazón que me mata.



Cuando paso por tu puerta  
cojo pan y voy comiendo  
pa que tu madre no diga  
que con verte me mantengo.

Pasei pula túa porta,  
erghín os ollos e vin  
un letrado que decía:  
“Eu para ti non nacín-he.”

Eu como sabía ler  
quitei un e puxen outro:  
“Eu para ti nun nacín  
e ti para min tampouco”

Non teñas tanta fachenda  
cun esas túas ghedellas,  
que as tés cheas de lendias,  
que che comen as urellas.

Céa-lo panu atrás  
pa que che vexan o pelo;  
millor moza non a fas,  
nin has de casar mais cedo.

/: Moreniña, ¡a mais ben! :/  
es amighiña dus homes  
com’a boi do alcacén-he.

Anque botes e rebotes  
e volvas a reboutar  
anque te leven or demos,  
por riba non has quedar-e.

Anque botes e rebotes  
e volvas a reboutar  
inda teño un sacu cheio  
e ioutro por desatar-e.

Cala ti, sapo pequenu,  
que mañán hei de cucer,  
se nun teño barredoiro,  
contigu hei de barrer-e.



Pola faldrá da camisa  
vinche correr un piollo,  
viña de Sierra Morena,  
traí un parche nun ollo.

Eres branca com'ó leite,  
negra coma a parañeira;  
téstete que casar de noite,  
de día no-hai quen te queira.

As mociñas qu'hai agora  
son pequenas e ruís:  
unha mañán de xiada  
derreionas dos cadrís-e.

Meniña que tanto sabes,  
tu saber, ¿en qué se encierra?  
cabalo co rabo ergueito,  
dime ti que ruta leva.

Dime ti que ruta leva  
e que ruta lovaría:  
vai caghando caghallones  
para tu sabiduría.

Estudiante quise ser,  
pero al ver tu hermosura  
a los infiernos tiré  
tinteru papel y pluma.

En la pila del bautismo  
empezó nuestro querer,  
¡quién se iba a ighurar  
lo que sucedió después-e!

¡Quién me lo dería a mí  
qui se había de acabar  
este querer tuyo y miyo  
tenendo raíces ya-ie!

Al infierno que yo vaya  
tenemos que ir los dos,  
porque tu tienes la culpa  
de que me condene yo-ue.



Anque tu madre te meta  
en un castillo de bronce  
hemos de pelar la pava  
entre las diez y las once.

Teño unha i-herba na i-horta  
que lle chaman correola;  
para cuntestar conmigho  
douche Dios pouca mamoria.

Teño unha i-herba na i-horta  
que bota leite maduro;  
para cuntestar conmigo  
té-las urellas dun burro.

Déixame bota-las contas  
e déixame presomir;  
a este tanto apuro  
non teño que che decir-e.

-Coplitas y más coplitas  
para mí son excusadas;  
quedoumo libru na casa,  
non as traio estudiadas.

-Pois si che quedou na casa,  
corre ben, vaino buscar;  
sabes que che fai boa falta  
para m'a min contestar-e.